

REFORZO EDUCATIVO

Esta actividade destinada ao alumnado de 1º e 2º de ESO ten unha importante demanda entre a comunidade educativa do concello, xa que permite ao alumnado participante establecer durante o curso académico uns hábitos de traballo, un seguimento e un ritmo diario nos seus estudos.

Nestes cursos traballarase o apoio educativo nas diferentes materias, a resolución de dúbidas, a preparación de probas e traballos académicos, e a impartición de actividades específicas de motivación ao estudo encamiñadas a potenciar o rendemento académico do alumnado, etc.

Establécense distintas áreas de formación, adaptadas segundo os intereses e necesidades do alumnado.

REFORZO EDUCATIVO (para 1º e 2º ESO)

Cada alumno/a de reforzo educativo pode inscribirse nun área (letras ou ciencias) ou nas dúas, segundo as súas necesidades formativas.

Hai **12 prazas** por área.

As clases desenvolveranse os mércores no IES do Milladoiro e os xoves no IES de Ames en Bertamiráns, entre as 16.30h e as 18.30h dende o 13 de xaneiro ata o 16 de xuño (agás festivos).

Estas fichas de inscrición deben entregarse na Secretaría do centro educativo antes do **8 de xaneiro**.

Os IES serán os encargados de derivar ao alumnado que segundo as súas particularidades formativas, teñan unha maior necesidade de participar nestas clases, sempre que se conte coa presente autorización familiar.



+ INFO:

omix@concellodeames.org

Tfno: 616.083.229



FICHA DE INSCRICIÓN

Nome e apelidos _____

Data de nacemento _____ Teléfono _____

Enderezo electrónico _____

Centro educativo _____ Curso _____

• **1° ESO**

Área de letras (16.30h-17.30h). 12 prazas.

Área de ciencias (17.30h-18.30h). 12 prazas.

• **2° ESO**

Área de ciencias (16.30h-17.30h). 12 prazas.

Área de letras (17.30h-18.30h). 12 prazas.

D./Dña _____

con DNI _____ como pai/nai/titor legal autorizo ao meu

fillo/a a participar na actividade anteriormente marcada, e AUTORIZO

NON AUTORIZO ao Concello de Ames para que permita a captación de

fotografías e a gravación de imaxes de todos aqueles eventos organizados polo

concello onde apareza o antedito neno/a, ben a título individual ou formando

parte dun grupo.

Asdo. _____

Os datos do alumnado son recollidos coa única finalidade de participar na actividade.
Trataranse de conformidade coa Lei Orgánica de Protección de datos de carácter persoal.